

Chrystelle Fortineau-Brémond (2012): *La corrélation en espagnol contemporain. Morphologie, syntaxe et sémantique*. Rennes: Presses Universitaires de Rennes, 323 pp.

Esta obra diríxese non só a hispanistas e romanistas, senón, máis amplamente, a todos os profesores, investigadores e estudantes que se interesen polas cuestións de sintaxe e cognición. O seu obxectivo é o de definir a correlación sobre a base de criterios claros e explícitos e poñendo en relación os datos do español con datos tomados das linguas máis estreitamente emparentadas con el.

José Pérez Canales (2011): *Marcadores de modalidad epistémica. Un estudio lingüístico y traductológico (francés-español) en el texto ensayístico*. Alicante: Universidad de Alicante, 293 pp.

A investigación recollida neste libro, situada nos ámbitos da lingüística contrastiva e da tradutoloxía, realizouse a partir de textos franceses do xénero ensaístico. Abórdase nela o valor e o uso de varios marcadores de modalidade epistémica: marcadores da evidencia (*évidemment, à l'évidence, de toute évidence*), marcadores da realidade e da factualidade (*de fait, en fait, en réalité*) e marcadores da confirmación (*en effet, effectivement*). O traballo achega un enfoque contrastivo-tradutolóxico das equivalencias e mais a identificación das preferencias individuais de autores e tradutores.

María Dolores Vivero García (dir.) (2011): *Humour et crises sociales. Regards croisés France-Espagne*. Paris : L'Harmattan, 214 pp.

Neste libro abórdase o estudo do humor desde puntos de vista diferentes mais complementarios: a análise do discurso, a pragmática, a semioloxía, a argumentación e a retórica literaria. Coordinada por María Dolores Rivero García, a obra, constituída pola asociación de traballos de diversos autores, ábrese cunha primeira parte dedicada ás reflexións teóricas sobre o humor e aproxímase despois á análise deste fenómeno en textos xornalísticos e literarios.

Recibíronse tamén as seguintes publicacións periódicas:

Diacrítica. Série Ciências da Literatura. *Dossier Literatura e Religião*. Revista do Centro de Estudos Humanísticos. Universidade do Minho, 25/3 (2011).

Hesperia. *Anuario de Filología Hispánica*. Universidade de Vigo, XIV-_I (2011).

Hesperia. *Anuario de Filología Hispánica*. Universidade de Vigo, XIV-_{II} (2011).